

# CONSELLERIA DE XUSTIZA, INTERIOR E RELACIONES LABORAIS

Delegación Provincial  
C/ Gómez Acebo, 20 - 16001 PONTEVEDRA - 23 301 4002  
6007

Examinado expediente sobre modificación dos Estatutos da Entidade denominada A.N.P.A. DO C.E.I.P.PARROCO DON CAMILO inscrita co número 258 na Sección Primeira do Rexistro Provincial de Asociacións e tendo en conta os seguintes

## FEITOS

Que a Asemblea Xeral Extraordinaria da Entidade, celebrada o día 21-9-2002, acordou a modificación dos seus Estatutos

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: Que esta Delegación Provincial é competente para resolver sobre a inscripción solicitada, de conformidade coa Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación en relación co Real Decreto 1639/1996, do 5 de xullo, sobre traspaso de funcións e servicios á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Asociacións e Orde do 26 de setembro de 1996.

Segundo: Que na adopción do acordo de modificación cumpríuse o dispuesto nos Estatutos Sociais, que o mesmo non altera a natureza xurídica da Entidade e que na documentación presentada non se aprecia que concorran os supostos contemplados nos números 2 e 5 do artigo 22 da Constitución.

Terceiro: Vistos os preceptos legais citados e a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Régime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

## RESOLVO

Inscribi-la modificación dos Estatutos da Entidade da que se trata e visa-los novos, ós sós efectos de publicidade previstos no artigo 22 da Constitución.

Contra a presente resolución poderá interpoñer recurso de alzada ante o Excmo. Sr. Conselleiro de Xustiza, Interior e Relacións Laborais no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ó da notificación desta resolución; tamén poderá interpoñer calquer outro recurso que estime pertinente o seu derecho.

Pontevedra, 21 de outubro de 2002

O/A DELEGADO/A PROVINCIAL

Asdo.: Antonio Coello Bufill

A.N.P.A. DO C.E.I.P. "PÁRROCO DON CAMILO"  
36213 SAN ANDRÉS DE COMESAÑA (VIGO)

Dona M<sup>a</sup> Encarnación Rial González, con D.N.I.  
nº36.060.581, como Secretaria da A.N.P.A. do C.E.I.P.  
"Párroco Don Camilo" de Vigo,

CERTIFICA:

Que, en Asemblea Xeral Extraordinaria convocada para a  
aprobación da reforma dos Estatutos da Asociación  
realizada o día 21 de setembro de 2.002, aprobouse por  
mayoría a reforma proposta.

E para que conste o firma en Vigo, a 25 de setembro do  
2.002.

*[Handwritten signature]*  
21-09-2002  
*[Handwritten signature]*  
21-09-2002

# A.N.P.A. DO C.E.I.P. "PÁRROCO DON CAMILO"

## MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS

### CAPITULO I DA ASOCIACIÓN EN SERAL

**Artigo 1º.**- Constitúese en VIGO unha Asociación sen ánimo de lucro que se denominará ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DO C.E.I.P. "PÁRROCO DON CAMILO", para promover a participación dos pais e nais na comunidade educativa. A Asociación rexerase polos presentes Estatutos, pola lei orgánica 2/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociacións e pola demais lexislación existente en mateira de Asociacións que lle sexa aplicable.

**Artigo 2º.**- Son fins principias da Asociación:

- a) Defensa dos dereitos dos pais e nais sobre aquello que afecte ó proceso educativo e formativo dos seus fillos e fillas.
- b) Colaboración na labor formativa do colexio, garantindo a fluidez comunicativa entre os distintos elementos da comunidade, estimulando ós pais, tutores, profesores e equipo directivo ó respecto das súas obrigas e promovendo a existencia de boas e fluidas relacións entre as distintas partes da comunidade.
- c) Defensa dun ensino de calidade, galego, centrado no pais, que fomente a formación responsable dos alumnos e alumnas nos valores democráticos e na non discriminación por razóns económicas, relixiosas, ideolóxicas, de raza ou sexo.
- d) Participación no Consello Escolar e en órganos de similares características nos que se requira a presencia da Asociación.
- e) Participación na elaboración do regulamento de participación e funcionamento do Centro, sendo informada para a toma de postura en cantas decisións se adopten que afecten ó seu funcionamento.
- f) Participación e colaboración no deseño e marcha das actividades extraescolares.
- g) Promoción da colaboración con asociacións de outros centros do entorno, xa directamente en cuestións específicas con A.N.P.A.s de centros próximos, ben por medio de F.O.A.P.A.s.

**Artigo 3º.**- Para levar a cabo os seus fins, poderá a Asociación organizar as seguintes actividades:

- a) Actividades extraescolares.
- b) Actividades culturais.
- c) Actividades lúdicas.
- d) Actividades deportivas.

Como Asociación sen ánimo de lucro destináronse ós devanditos fins polo menos o sesenta por cento das rendas netas e outros ingresos que se obteñan por calquera concepto exceptuándose as apartacións efectuadas en concepto de dotación patrimonial. Os asociados e familiares non serán os principais destinatarios das actividades realizadas pola Asociación.

**Artigo 4º.-** O domicilio principal e permanente da Asociación radicará na localidade de VIGO, rúa de Matamá-Pazo, nº 104, C.P. 36213, teléfono 986/296194. Poderanse utilizar outros locais asociativos adicionais noutras cidades, mediante acordo da Xunta Directiva, que terá atribucións para cambiar, tanto o domicilio como os locais, dando conta do seu acordo ó Organismo encargado do Rexistro de Asociacións. Para os efectos de comunicacóns e notificacións sinálanse como preferentes as seguintes direccións:

Domicilio: A.N.P.A. DO C.E.I.P. "PÁRROCO DON CAMILO"

Localidade: VIGO

C.P.: 36213

Teléfono 1: 986/296194

Teléfono 2: 986/235169

**Artigo 5º.-** A Asociación en funcións dos seus fins e da ubicación do seu domicilio social, exercerá fundamentalmente as súas actividades no ámbito territorial da ~~PROVINCIA DE PONTEVEDRA~~

**Artigo 6º.-**

1. A duración desta Asociación é de carácter indefinido e só se disolverá, conforme a estes Estatutos, pola vontade dos asociados expresada en Asemblea Xeral extraordinaria ou polas causas previstas na lexislación vixente.
2. A Asociación rexerase segundo os principios democráticos contados no marco da Constitución e o resto do ordenamento xurídico.

## **CAPITULO II DOS SOCIOS**

**Artigo 7º.-** Poderán ser integrantes da Asociación as familias dos/das alumnos/as matriculados no Centro, por medio da persoa da nai ou do pai, ou do tutor legal sempre que se solicite expresamente.

**Artigo 8º.-** Dentro da Asociación poderán existir las seguintes clases de asociados:

1. Pais, nais ou titores legais dos alumnos/as matriculados no Centro.
2. Honorarios, aquellas persoas que, a xuízo da Asemblea Xeral, axuden de xeito notable ó desenvolvemento dos fins da Asociación.

**Artigo 9º.-** Os asociados e asociadas teñen os seguintes dereitos:

1. Tomar parte nas Asembleas con voz e voto.
2. Poder elixir e ser electos para cargos directivos.
3. Tomar parte en cantas actividades organice a Asociación en cumprimento dos seus fins.
4. Disfrutar de tódalas vantaxes e beneficios que a Asociación poda obter.
5. Ter copia destes Estatutos.

6. Ser informados sobre a composición da Xunta Directiva.
7. Recibir información sobre os acordos adoptados polos órganos da Asociación.
8. Facer suxerencias ós membros da Xunta Directiva en orde a mellora-lo cumprimento dos fins da Asociación.
9. Que se lle poña de manifesto o estado de contas e ingresos e gastos da Asociación tódolos anos, así como o desenvolvemento da súa actividade.

**Artigo 10º.-** Son obrigas dos asociados e asociadas:

1. Prestar certos servicios determinen os Estatutos e os acordos das Asembleas Xerais.
2. Desempeña-los cargos para os que foron elixidos.
3. Asistir ás Asembleas Xerais.
4. Satisfacer as cuotas que se establezan.
5. Observar unha boa conducta individual e cívica.

**Artigo 11º.-** Os asociados e asociadas honorarios non intervirán na dirección da Asociación nin nos órganos de representación da mesma, pero están facultados para asistir ás Asembleas Xerais con voz, pero sen voto.

**Artigo 12º.-** A condición de asociado pérdese:

1. Por vontade propia.
2. Por falta de pago nas cuotas.
3. Por realización de accións que perjudiquen gravemente os intereses da Asociación.
4. Por expediente disciplinario.
5. Por deixar de pertencer ó Centro os fillos/as da familia.

**Artigo 13º.-** A expulsión de asociados e asociadas será acordada pola Xunta Directiva, previa audiencia do interesado/a. O acordo de expulsión deberá ser ratificado pola Asemblea Xeral extraordinaria e contra a súa resolución poderase recorrer ante a xurisdicción ordinaria.

Cando a baixa se produza por vontade dun/unha asociado/a, éste/a deberá realizar unha petición escrita e procederá ó aboamento previo de tódalas cuotas que teña pendentes.

### **CAPITULO III DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN**

**Artigo 14º.-** A dirección e administración da Asociación serán exercidas polo Presidente, a Xunta Directiva e a asemblea Xeral.

**Artigo 15º.-** O presidente da Asociación asume a representación legal da mesma e executará os acordos adoptados pola Xunta Directiva e a asemblea Xeral, presidindo as sesións que celebre unha e outra.

O Presidente será designado pola Asemblea Xeral entre socios que teñan polo menos 1 ano de antigüidade e o seu mandato durará 2 anos.

**Artigo 16º.-** A Xunta Directiva estará formada por un Presidente, un Vicepresidente, un Secretario, un Tesoureiro e tres vocais, cargos que deberán recaer nos asociados/as.

**Artigo 17º.-** Os cargos que componen a Xunta Directiva serán gratuitos, sen prexuízo do dereito a ser reembolsados dos gastos debidamente xustificados, e deberán carecer de interés económico nos resultados da actividade por si mesmos ou por persoa interposta.

Elixiranse pola Asemblea Xeral os cargos e durarán un período de 2 anos, áinda que poden ser obxecto de reelección indefinidamente.

Os cargos da Xunta Directiva renovaranse por metade. No primeiro turno serán renovados o Vicepresidente, o Tesoureiro e un Vocal e no segundo, o ano seguinte, o Presidente, o Secretario e os outros dos vocais. O primeiro mandato dos cargos do segundo turno de renovación durará 1 ano mais. O persoal de secretaría, se o houbese, será nomeado pola Xunta Directiva, que acordará ademais a súa retribución.

**Artigo 18º.-** É función da Xunta Directiva programar e dirixi-las actividades asociativas e levar a xestión administrativa e económica da Asociación, someter á aprobación da Asemblea Xeral o orzamento anual de ingresos e gastos, así como o estado de contas do ano anterior.

Así mesmo procederá a convocar e fixa-la data da Asemblea Xeral, fixa-las cuotas ordinarias e extraordinarias que se aproben, designa-las Comisións de traballo ou seccións que se estimen oportunas para o bo funcionamento da Asociación, dictar normas interiores de organización e exercer cantas funciós non estean expresamente asignadas á Asemblea Xeral. Correspondelalle tamén todas aquelas outras actividades que lle sexan transferidas pola Asemblea.

**Artigo 19º.-** A Xunta Directiva celebrará as súas sesiós cantas veces o determine o Presidente ou o Vicepresidente, a iniciativa propia ou a petición de calquera dos seus componentes. Será presidida polo Presidente e, na súa ausencia, polo Vicepresidente ou o Secretario, por esta orde, e, a falta de ambos, polo membro da Xunta que teña mais idade.

Para que os acordos da Xunta Directiva sexan válidos deberán ser adoptados pola mayoría de votos dos asistentes, sendo necesaria a concorrencia, polo menos, de seis dos seus membros. No caso de empate decidirá o voto do Presidente.

O Secretario ou, no seu defecto, o Vicepresidente levantarán acta das sesiós, que se transcribirá ó libro de actas.

**Artigo 20º.-** A asemblea Xeral de asociados e asociadas é o órgano de expresión da vontade da Asociación e estará formada por todos os integrantes da mesma. A Presidente e o Secretario da Asemblea serán os mesmos que os da Xunta Directiva.

**Artigo 21º.-** A asemblea Xeral reunirase con carácter ordinario como mínimo unha vez ó ano, e con carácter extraordinario cantas veces o acorde a Xunta Directiva, ou o soliciten o 10% dos socios. Neste último caso realizarase por medio de escrito dirixido ó Presidente, autorizado coas firmas dos solicitantes, no que se expoña o motivo da convocatoria e a orde do día.

**Artigo 22º.-** A asemblea Xeral ordinaria reunirase necesariamente dentro dos seis primeiros meses da cada ano. Tanto a Asemblea ordinaria como a extraordinaria serán convocadas con 15 días de antelación polo/a presidente/a da Xunta Directiva.

A notificación farase nos locais da Asociación para as Asembleas Ordinarias e no domicilio dos asociados para as Asembleas extraordinarias.

**Artigo 23º.-** Serán competencias da Asemblea Xeral ordinaria:

1. Aproba-la acta da reunión anterior.
2. Aproba-lo plan de actividades.
3. Examinar e aproba-la memoria de actividades.
4. Examinar e aproba-las contas e balances do exercicio anterior.
5. Aproba-los presupostos de ingresos e gastos para cada exercicio.
6. Exame e aprobación das coutas.

**Artigo 24º.-** Serán competencias da Asemblea Xeral extraordinaria:

1. Modifica-los Estatutos da Asociación.
2. Elixí-los integrantes da Xunta Directiva.
3. Aproba-la federación con outras Asociacións.
4. Autoriza-lo alleamento, gravame ou hipoteca de bens sociais.
5. Acorda-la disolución da Asociación.
6. Designa-los/as liquidadores/as.
7. Ratifica-la expulsión de asociados e asociadas a proposta da Xunta Directiva.
8. Solicita-la declaración de utilidades pública da Asociación.
9. As que sendo de competencia da asemblea ordinaria, por razóns de urxencia ou necesidade, non poidan espera-la súa convocatoria, sen grave prexuízo para a Asociación.
10. Tódalas non conferidas expresamente á Asemblea Xeral ordinaria ou a Xunta Directiva.

**Artigo 25º.-** Para que as asembleas poidan tomar acordos, integraranse polos/as asociados/as asistentes, sempre que concorran a metade mais un do total na primeira convocatoria ou transcorrida media hora en segunda convocatoria, con calquera número de asistentes.

**Artigo 26º.-** Os acordos adoptados deberán selo polo voto afirmativo da maioria simple dos asistentes ou representados, excepto os relativos os apartados 1 ó 7 de Artigo 24, que requirirán maioria de dous tercios. A continuación levaranse os acordos ó libro de Actas e asignara o/a Presidente, o/a secretario/a da Asemblea. A acta deberá ser lida na seguinte sesión celebrada pola Asemblea Xeral e aprobada por maioria.

**Artigo 27º.-** Os acordos adoptados conforme os preceptos anteriores obrigarán a tódolos/as asociados/as, incluso ós/as non asistentes.

As sesións se abrirán cando así o determine o Presidente. Seguidamente se procederá por parte do Secretario á lectura da acta da Asemblea anterior que deberá ser aprobada.

Posteriormente o Secretario procederá a plantea-la orde do día. Cada punto será informado polo membro da Xunta Directiva que lle corresponda, procedéndose a aprobación nos termos contados nestes Estatutos, segundo a materia de que se trate.

Unha vez rematados tódolos asuntos da orde do día se procederá, se a presidencia o considera oportuno ou o solicitan un 10% dos asociados inscritos no libro de membros, a facer un turno de rogos e preguntas e adopción de acordos, concluído o que se levantarán a sesión por parte do Presidente.

**Artigo 28º.-** Os acordos que vaian contra destes Estatutos ou infrinxan os fins da Asociación poderán ser recorridos en reposición perante a Asemblea Xeral. A partir da resolución do recurso de reposición, quedará expedita a vía para recorrer perante a xurisdicción ordinaria.

**Artigo 29º.-** O Presidente da Xunta Directiva terá, ademais das facultades consignadas no artigo 15º, as seguintes atribucións:

- a) Presidir e levanta-las sesións que celebre a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral, dirixi-las deliberacións dunha e outra, decidindo con voto de calidade, en caso de empate.
- b) Propoñelo plan de actividades da Asociación á Xunta Directiva, impulsando e dirixindo as súas tarefas.
- c) Ordea-los pagamentos acordados validamente.
- d) Representa-la Asociación perante calquera organismo público ou privado.
- e) Firma-las actas, certificados, pagos e outros documentos da Asociación xunto co Secretario ou membro da Xunta Directiva a quen lle corresponda a elaboración do documento de que se trate.

O presidente será asistido nas súas funcións por un Vicepresidente, que, ademais, substituiralle nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade.

**Artigo 30º.-** O Secretario recibirá e tramitará as solicitudes de ingreso, levará o ficheiro e o libro de rexistro de asociados e terá ó seu cargo a dirección dos traballos administrativos da Entidade. Correspónelle así mesmo notifica-las convocatorias e custodia-las actas e expedir certificacións das mesmas co visto e prace do Presidente.

O Secretario correspónelle tamén levar o inventario dos bens da asociación nun libro establecido ó efecto.

**Artigo 31º.-** O Tesoureiro recadará e custodiará os fondos pertencentes á Asociación, dará cumprimento ás ordes de pagamento que expida o Presidente, dirixirá a contabilidade da Asociación, tomará razón e levará conta dos ingresos e dos gastos asociativos, participando en tódalas operacións de orde económico.

O Tesoureiro ten a obriga de proceder ó peche do ejercicio presupostario antes do 31 de decembro, co fin de que as contas estén a disposición dos membros da Asociación nos quince días anteriores á celebración da Asemblea Ordinaria.

**Artigo 32º.-** Os Vocais no número que determine a Asemblea Xeral terán as seguintes atribucións:

1. Realizar programas e propostas na súa área de actuación.
2. Desempeña-los traballos que lle sexan encomendados pola Xunta Directiva.

## CAPITULO IV RÉXIME ECONÓMICO

**Artigo 33º.-** A Asociación no momento de inicia-las súas actividades dispón de 125€.. O peche do ejercicio económico coincidirá co do ano natural.

**Artigo 34º.-** A Asociación funcionará en réxime de presuposto anual. O borrador de presuposto será elaborado polo Tesoureiro da Asociación, que deberá telo

preparado antes do un de xaneiro de cada ano, a fin de que poda ser aprobado na Asemblea Xeral Ordinaria.

**Artigo 35º.-** A Asociación manterase dos seguintes recursos:

1. As cuotas periódicas dos/as asociados/as.
2. As coutas extraordinarias que propoña a Xunta Directiva e sexan aprobadas pola Asemblea.
3. As doazóns ou subvencións que poidan conceder órganos públicos, entidades privadas ou particulares.
4. Os ingresos que se poidan recibir polo desenvolvemento das actividades da asociación.
5. Calquera outro ingreso admitido pola normativa vixente para actividades non lucrativas.

**Artigo 36º.-** As coutas ordinarias acórdanse pola Asemblea Xeral ordinaria, a proposta da Xunta Directiva non sendo reintegrables en caso algún e adicándose a atende-las necesidades da Asociación.

**Artigo 37º.-** Anualmente con referencia ó último día do exercicio económico de cada ano, elaboraranse as contas, que se formalizarán nunha memoria, que será posta a disposición dos/as asociados/as, durante un prazo non inferior a 15 días ó sinalado para a celebración da Asemblea Xeral ordinaria, que deberá aprobarlo ou censuralo.

**Artigo 38º.-** Anualmente no tempo que establece o artigo 22 será aprobado o orzamento pola Asemblea Xeral ordinaria.

**Artigo 39º.-** Para a disposición de fondos das entidades bancarias onde a Asociación teña depositados os mesmos, terán recoñecidas as sinaturas na entidade bancaria correspondente o Presidente e o Tesoureiro, para a utilización conxunta deles.

**Artigo 40º.-** Como entidade sen ánimo de lucro, en ningún caso poderán ser distribuídos entre os/as asociados/as os recursos obtidos pola Asociación.

## CAPITULO V DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

**Artigo 41º.-** O Regulamento de réxime interno, no seu caso, desenvolverá aquellas materias non contempladas directamente nos presentes Estatutos, non podendo ir en ningún caso en contra do estipulado nos mesmos. En todo caso o funcionamento interno da Asociación estará sometido ó ordenamento xurisdiccional civil.

## CAPITULO VI MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS E DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

**Artigo 42º.-** Os presente Estatutos poderán ser modificados a proposta da Xunta Directiva ou  $\frac{1}{4}$  dos socios. A convocatoria da Asemblea Xeral extraordinaria estará acompañada do texto coas modificacións propostas, abríndose en prazo de 7 días para calquera socio/a poida dirixir á Secretaría as propostas e emendas que estime oportunas.

Estas complementarán a documentación da citada Asemblea e serán entregadas cunha antelación mínima de 3 días á realización da mesma.

**Artigo 43º.-** Para ser aprobada a reforma dos Estatutos será necesario o voto favorable dos 2/3 dos membros da Asemblea Xeral de socios.

**Artigo 44º.-** A Asociación disolverase polas seguintes causas:

1. Pola vontade dos asociados/as acordada polas 2/3 partes dos mesmos/as.
2. Por outras causas determinadas legalmente.
3. Por sentencia xudicial.

**Artigo 45º.-** Acordada a dissolución, a Asemblea Xeral extraordinaria designará tres asociados/as liquidadores, que xunto o/a Presidente e o/a Tesoureiro/a, procederán a efectuar a liquidación dos bens, pagando débedas, cobrado créditos e fixando o haber líquido resultante.

**Artigo 46º.-** O haber resultante unha vez efectuada a liquidación, doarase a outra Asociación non lucrativa e inscrita na Comunidade Autónoma que teña os mesmos ou similares fins ós desta Asociación.

O xustificante da doazón será presentado no Rexistro de Asociacións correspondente para proceder á inscrición da dissolución da Asociación.

En Vigo, a 25 de setembro do 2.002.

Tesoureira

M<sup>a</sup> Carmen Iglesias

Presidente

Belarmino Alonso

Secretaria

M<sup>a</sup> Encarnación Rial


## **A.N.P.A. DO C.E.I.P. "PÁRROCO DON CAMILO"**

### **DIRECTIVA**

- ✓ Presidente: Belarmino Alonso Comesaña. D.N.I. 35.980.728B
- ✓ Vicepresidenta: M<sup>a</sup> Alba Fernández Silveira: D.N.I. 36.088.952
- ✓ Secretaria: M<sup>a</sup> Encarnación Rial González. D.N.I. 36.060.581
- ✓ Tesorera: M<sup>a</sup> del Carmen Iglesias Carreira. D.N.I. 36.068.170
- ✓ Vocal: Francisco Javier Pereira Lorenzo. D.N.I. 36.043.563
- ✓ Vocal: Aurora González Leirós. D.N.I. 36.057.681
- ✓ Vocal: M<sup>a</sup> José Araujo Fernández. D.N.I. 36.032.054

Vigo, a 15 de outubro do 2.002.

Asinado: Presidente



Asinado: Secretaria

